



Xacobeo 2021

CONXUNTURA TURÍSTICA EN GALICIA

Datos provinciais

Novembro de 2020

PROVINCIA DE A CORUÑA
NOVIEMBRE 2020

TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIROIS		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. Int. 20/19	Nº	Var. Int. 20/19	Nº	Var. Int. 20/19	%	Var. Int. 20/19
HOTEIS	19.133	-79,6%	37.701	-78,9%	1,97	3,7%	10,30%	-24,55
PENSIÓNS	3.157	-77,0%	24.464	-32,1%	7,75	195,7%	13,78%	-4,80
ESTAB. HOTELEIROS	22.290	-79,3%	62.164	-71,0%	2,79	40,0%	11,43%	-18,94
APTOS. TURÍSTICOS	1.744	-48,4%	4.618	-34,7%	2,65	26,6%	12,17%	-2,90
TURISMO RURAL	377	-82,0%	855	-69,2%	2,27	70,6%	2,98%	-4,11
ESTAB. EXTRAHOTELEIROS	2.121	-61,2%	5.473	-44,4%	2,58	43,3%	-	-
TOTAL	24.411	-78,4%	67.637	-69,8%	2,77	39,8%	-	-

- Comportamento negativo da demanda turística regrada na provincia de A Coruña neste undécimo mes do ano. En concreto, descende a cifra de viaxeiros aloxados un 78% e o volume de noites un 69% en relación ao mesmo período do pasado ano. Significa isto que este mes os establecementos regrados da provincia conseguiron manter apenas un cuarto da demanda rexistrada no mesmo período de 2019.
- Obsérvase ademais un comportamento negativo xeneralizado nas diferentes tipoloxías, con caídas da demanda en todas elas aínda que con diversa intensidade. Descende o volume de noites un 71% nos establecementos hoteleiros –un 79% nos hoteis e un 32% nas pensións, a modalidade que mellor resistiu os efectos negativos da crise neste mes-, un 69% nos establecementos de turismo rural e nun 35% nos apartamentos turísticos.
- O 92% da demanda concéntrase no segmento hoteleiro –un 56% nos hoteis e un 36% nas pensións-. O 8% restante repártese entre os apartamentos turísticos e os establecementos de turismo rural.
- Con datos do sector hoteleiro obsérvase un comportamento parello dos tres grandes segmentos de mercado no sentido de que todos presentan caídas en termos interanuais pero difiren na intensidade. Así, o turismo interno descende un 50% e o receptor un 78%, porcentaxe que se aplica tanto ao segmento nacional coma ao internacional.
- Por vez primeira nos últimos anos o segmento de maior peso neste mes é o mercado interno. Representa en novembro o 42% do total das noites hoteleiras. O turismo receptor nacional absorbe o 39% mentres que o 18% restante corresponde ao internacional.
- En termos de ocupación obsérvase unha evolución parella á demanda. Descende en todas as tipoloxías, con maior e notable intensidade nos hoteis.
- Incrementábase a estadía media neste mes, nun 40% en particular, para situarse en 2,8 noites –a cifra máis elevada das catro provincias galegas-.

PROVINCIA DE LUGO
NOVIEMBRE 2020

TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIROS		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. Int. 20/19	Nº	Var. Int. 20/19	Nº	Var. Int. 20/19	%	Var. Int. 20/19
HOTEIS	6.360	-73,5%	11.980	-73,2%	1,88	1,3%	10,42%	-17,79
PENSIÓNS	1.036	-74,7%	4.316	-81,7%	4,17	-27,6%	6,48%	-19,32
ESTAB. HOTELEIROS	7.395	-73,7%	16.296	-76,1%	2,20	-9,2%	8,97%	-18,35
APTOS. TURÍSTICOS	895	-36,5%	4.560	-17,4%	5,09	30,1%	13,02%	-3,61
TURISMO RURAL	413	-84,9%	623	-86,9%	1,51	-13,2%	1,95%	-9,22
ESTAB. EXTRAHOTELEIROS	1.308	-68,5%	5.183	-49,6%	3,96	60,0%	-	-
TOTAL	8.703	-73,0%	21.479	-72,6%	2,47	1,4%	-	-

- Rexístrase neste mes de novembro un descenso da demanda turística regrada na provincia de Lugo. Cae tanto a cifra de viaxeiros aloxados coma o volume de noites nun 73% en relación ao mesmo período do pasado ano.
- Este descenso vén provocado polas caídas rexistradas en todas modalidades de aloxamento. A demanda cae de forma moi acusada no ámbito hoteleiro – nun 73% nos hoteis e nun 82% nas pensións- e no segmento de turismo rural –nun 87% neste caso-. Marcan certa diferenza os apartamentos turísticos por rexistrar un descenso de menor intensidade, do 17% neste caso.
- O 76% da demanda concéntrase no segmento hoteleiro –un 56% nos hoteis e un 20% nas pensións-. O 24% restante repártese entre os apartamentos turísticos –co 21%- e os establecementos de turismo rural –co 3% neste caso-.
- Con datos do sector hoteleiro obsérvase neste mes un comportamento negativo e homoxéneo dos tres grandes segmentos de mercado. Descende un 81% o turismo interno, un 71% o receptor nacional e un 63% o internacional. O segmento de maior peso neste mes de novembro é o turismo interno – representa o 50% das noites hoteleiras-. O 39% corresponde ao receptor nacional mentres que tan só o 11% é internacional.
- En termos de ocupación obsérvase un comportamento negativo xeneralizado, con descensos en todas as modalidades. A caída achégase aos 20 puntos porcentuais nas pensións, sitúase nos 18 puntos nas pensións, nos catro puntos nos apartamentos turísticos e nos nove puntos en turismo rural.
- A estadía media mantense relativamente estable neste mes –nun sentido estrito sobe un 1,4%- para situarse preto de 2,5 noites.

PROVINCIA DE OURENSE
NOVEMBRO 2020

TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIRO S		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. Int. 20/19	Nº	Var. Int. 20/19	Nº	Var. Int. 20/19	%	Var. Int. 20/19
HOTEIS	6.463	-72,6%	11.436	-75,4%	1,77	-10,3%	11,10%	-26,62
PENSIÓNS	1.166	-76,1%	3.179	-69,7%	2,73	26,9%	6,99%	-11,57
ESTAB. HOTELEIROS	7.630	-73,2%	14.615	-74,3%	1,92	-4,3%	9,84%	-21,85
APTOS. TURÍSTICOS	-	-	-	-	-	-	-	-
TURISMO RURAL	371	-80,3%	670	-77,5%	1,81	14,0%	3,37%	-7,56
ESTAB. EXTRAHOTELEIROS	371	-84,3%	670	-82,2%	1,81	13,0%	-	-
TOTAL	8.001	-74,0%	15.285	-74,8%	1,91	-3,1%	-	-


- Ourense participa tamén da dinámica negativa deste mes e rexistra caídas importantes da demanda turística regrada. En particular, descende a cifra de viaxeiros aloxados nun 74% e o volume de noites nun 75% en relación ao mesmo período do pasado ano.
- A caída da demanda afecta a todas as modalidades de aloxamento con similar intensidade. Descende o número de noites un 78% nos establecementos de turismo rural, un 75% nos hoteis e nun 70% nas pensións. Neste mes, por problemas de mostra, o INE non ofrece datos para os apartamentos turísticos.
- O 96% da demanda concéntrase no segmento hoteleiro –un 75% nos hoteis e un 21% nas pensións-. O 4% restante corresponde ao segmento de turismo rural.
- Con datos do sector hoteleiro obsérvase un comportamento igualmente negativo dos tres grandes segmentos de mercado, con caídas de similar intensidade. Neste mes descende o turismo interno un 74%, o receptor nacional un 71% e o internacional un 88% -todas as porcentaxes referidas ás pernoctacións-.
- En Ourense o segmento de maior volume e peso neste mes é o mercado interno –representa o 51% do total das noites hoteleiras-. O turismo receptor nacional ten tamén un peso importante -representa o 44%- mentres que o 5% restante queda para o internacional.
- A dinámica dos niveis de ocupación amosa un comportamento parello ao da demanda. Empeora en todas as modalidades pero con maior intensidade no segmento hoteleiro –preto de 27 puntos nos hoteis e case 12 puntos nas pensións- fronte aos establecementos de turismo rural –que rexistran un descenso por encima dos sete puntos porcentuais neste caso-.
- A estadía media descende neste mes –un 3,1% en particular- situándose en 1,9 noites –a cifra máis baixa das catro provincias galegas-.

PROVINCIA DE PONTEVEDRA
NOVIEMBRE 2020

TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIROS		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. Int. 20/19	Nº	Var. Int. 20/19	Nº	Var. Int. 20/19	%	Var. Int. 20/19
HOTEIS	13.987	-80,7%	31.046	-78,7%	2,22	10,5%	12,29%	-23,37
PENSIÓNS	2.098	-55,6%	8.591	-42,9%	4,09	28,7%	13,68%	-8,23
ESTAB. HOTELEIROS	16.085	-79,2%	39.637	-75,4%	2,46	18,5%	12,56%	-21,11
APTOS. TURÍSTICOS	93	-87,8%	1.129	4,4%	12,14	753,5%	3,95%	0,42
TURISMO RURAL	119	-93,8%	145	-95,2%	1,22	-22,5%	0,54%	-5,87
ESTAB. EXTRAHOTELEIROS	212	-92,1%	1.274	-69,1%	6,01	292,8%	-	-
TOTAL	16.297	-79,6%	40.911	-75,2%	2,51	21,8%	-	-

- Comportamento negativo da demanda turística regrada na provincia de Pontevedra neste mes de novembro. Obsérvase neste sentido unha dinámica parella á das restantes provincias, cun descenso da cifra de viaxeiros aloxados do 80% así como do volume de noites –do 75% neste caso-. Significa isto que os establecementos regrados de Pontevedra rexistraron neste mes unha cuarta parte da demanda de novembro de 2019.
- A caída da demanda atinxe a todas as tipoloxías consideradas, con notable intensidade, agás aos apartamentos turísticos –que conseguen superar levemente o nivel do pasado ano por mor dun forte incremento da estadía media nun contexto no que a cifra de viaxeiros aloxados cae de forma drástica. Descende o volume de noites un 79% nos hoteis, un 43% nas pensións e un 95% nos establecementos de turismo rural.
- O 97% da demanda corresponde aos establecementos hoteleiros, cifra que engloba aos hoteis –segmento que absorbe o 76%- e ás pensións –co 21%-.
- A nivel de mercados obsérvase un comportamento igualmente negativo, con caídas de notable intensidade. O turismo interno –dos residentes en Galicia- descende un 69%, o receptor nacional un 81% e o internacional un 78%. O segmento de maior peso na provincia é o mercado interno –representa neste mes pouco máis da metade das noites-. O mercado receptor nacional absorbe o 36% ficando o 14% restante para o internacional.
- Os niveis de ocupación descenden tamén de forma importante pero variable. Obsérvanse caídas de 23 puntos porcentuais nos hoteis –segmento que sofre con maior intensidade este contexto negativo-, de oito puntos nas pensións e de case seis puntos en turismo rural. Nos apartamentos turísticos mantense estable.
- Incrementábase de forma notable a estadía media –nun 22% en particular- situándose en 2,5 noites –a segunda cifra máis alta das provincias-.

Reparto da demanda turística regrada. Noites novembro 2020



Variación da demanda turística regrada. Noites novembro 20/19

